

# Poemas

BERTA ALDÁN PIÑEIRO

VIII

A Silvia.

Tes un mar no teu corazón sen diques  
espazo nú  
marxe aberta  
unha soa soedade  
de misterio tan branco como unha foto revelada  
un regueiro de tinta luminosa  
pola costeira esquerda da ría  
unha forma inacabable de dozura chea nas túas mans  
largacía tenra de amistade  
ó redor dos teus ollos  
lenzos para escribir sen final  
sobre o espazo nú  
do mar que hai  
no teu corazón.

IX

A praia  
o noso deserto interior  
no que escribimos  
nomes prohibidos  
coa tinta do  
recordo.

X

Vivía  
tan perto do mar  
que sentía  
polo cabo das veas  
o transparente naufraxio da medusa

XI

Decíamos  
a palabra medusa  
tan devagar  
que podíamos navegar  
a rentes da balea  
que habitaba no seu interior.

XII

Tender o meu camisón  
mollado ao vento  
dos teus ollos non foi a solución  
Tí, miña única bandeira,  
enchoupado nas  
xerfas íntimas  
que emanen polos  
poros do meu  
corpo

XIII

Agochar  
o alento da medusa  
no buraco  
das nosas mans  
como música  
na caixa das bailarinas.

XIV

Onde andas?  
Que coordenadas debo  
na constelación amarela das medusas  
trazar no mapa  
dos soños.

XV

Houbo un ano enteiro  
que non saín da casa  
Recibía tantas chamadas  
que o teléfono  
enfermou de afonía crónica.  
Pasaba as horas  
detrás da xanela do meu  
cuarto  
a mirar como o  
mar  
agabeeaba por toda a praia  
que era a metade  
do meu mundo  
A outra metade  
fórase contigo  
a aquel país  
de parques e estatuas.

XVI

Atravesando o océano  
quería a medusa  
ser cometa.  
No medio da  
noite  
no más profundo  
do mar  
era de día.

Berta Aldán Piñeiro